



V1-2023.08.03

Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia

A disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2007, do 28 de xuño, sinala no seu apartado 2º que terán a condición de parellas de feito as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio.

Así mesmo, a disposición derradeira da Lei 10/2007, do 28 de xuño, establece que no prazo dun mes a contar dende a publicación da lei no Diario Oficial de Galicia, a Xunta de Galicia aprobará un decreto mediante o cal se creará e regulará a organización e a xestión do Rexistro de Parellas de feito de Galicia.

En virtude do anterior, aprobouse o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia (*DOG nº 5, do 8 de xaneiro de 2008*), no cal se establecen as normas básicas da súa organización e funcionamento.

O Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, leva en vigor dende hai 16 anos, modificouse no ano 2014 e é preciso seguir acomodándoo á realidade normativa vixente para que a Administración Pública evolucione ca sociedade aproveitando o uso xeneralizado das novas tecnoloxías da información e da comunicación e solucionando os problemas que se producen actualmente.

Por elo, a presente reforma nace con tres obxectivos: adaptar o procedemento actual ás novas tecnoloxías; dar resposta ás incidencias que afectan ao desenvolvemento ordinario dos procedementos que se tramitan ante os Rexistros de Parellas de Feito de Galicia; e adecuar o texto normativo á realidade normativa actual suprimindo referencias a disposicións que non se atopan en vigor.



De acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e a Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia, establécese a posibilidade de que as solicitudes se poidan presentar telemáticamente.

Igualmente dáse resposta as situacións que máis conflitos xeran no momento da inscrición: o artigo 11 do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, especifica a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos esixidos no artigo 5 e que os interesados e as interesadas deben achegar ao rexistro, producíndose a necesaria equivalencia entre os artigos 5 e 11 do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia e harmonizándose os criterios de interpretación entre os catro Rexistros de Parellas de Feito de Galicia.

Por último, coa presente reforma acométese a adecuación do texto normativo á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, suprimindo todas as referencias á derogada Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Procedemento Administrativo Común e deixando o texto normativo en consonancia co disposto na Lei 4/2019, de 17 de xullo, da administración dixital de Galicia.

A disposición estruturase nun artigo único que modifica os artigos 8, 9, 10, 11, 17, 19, 21, 24 e 26 da norma en vigor, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira única de entrada en vigor.

Este anteproxecto axústase aos principios legais de boa regulación, necesidade, eficacia e proporcionalidade e garante o principio de seguridade xurídica. En aplicación do principio de eficiencia, non introduce cargas administrativas.

Na elaboración desta norma cumpríronse as exixencias establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Durante o período comprendido entre o 19.06.2023 e o 03.07.2023 expúxose publicamente na fase "Consultas Abertas" da sección "Consulta Pública Previa" do Portal de Transparencia e Goberno aberto, sen que se recibiran achegas nin opinións ao respecto. Igualmente, foron solicitados, entre outros, informes preceptivos do Servizo Técnico-normativo, da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e Axencia para a Modernización



Tecnolóxica de Galicia, da Secretaria Xeral de igualdade e da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Por isto, por proposta do Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, de acordo co ditame/ oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.- Modificación do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia

O Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia queda modificado como segue:

Un. Engádesse un novo apartado ó artigo 8, que queda redactado do seguinte xeito:

"2. Os datos relativos ao nome, apelidos, tipo e número de documento de identidade achegados na solicitude de inscrición polo interesado, poderán cederse a outras administracións con competencias en materia de parellas de feito ao obxecto de evitar a dobre inscrición".

Dous. O artigo 9 queda redactado do seguinte xeito:

" 1. As solicitudes de inscrición, cancelación, incorporación ou modificación de pacto e certificación que se formulen ante o Rexistro de Parellas de feito da Comunidade Autónoma de Galicia deberán reunir os requisitos previstos especificamente neste capítulo, así como os xerais regulados no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. O procedemento pódese iniciar mediante unha solicitude presentada de forma presencial ou telemática.

3. A solicitude presencial deben presentala os dous convivintes en parella estable e pode realizarse, mediante cita previa, ante a delegación provincial da consellería competente en materia de xustiza correspondente ó domicilio da parella de feito. Tamén se poderá presentar en calquera dos órganos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de



outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4. A solicitude telemática debe asinarse mediante un sistema de firma electrónica recoñecida agás que se estableza un sistema corporativo, de entre os sistemas admitidos pola Xunta de Galicia, que se poida substituír pola firma e que se determine regulamentariamente.

5. Naqueles supostos en que sexa obrigatoria a firma dos dous membros da parella, achegarse xunto co Anexo correspondente de cada solicitude o Anexo VII, de autorización de presentación conxunta.

6. As resolucións de inscrición de existencia ou de extinción da parella estable e de modificación dos datos rexistrados notifícanse aos dous convivintes en parella estable no prazo máximo de dous meses a contar desde a data de entrada das sol solicitudes no rexistro do órgano competente.

7. A presentación dos documentos para achegar aos procedementos de inscrición da existencia, modificación ou extinción da parella estable pode substituírse pola indicación dos datos correspondentes a estes documentos e do órgano que os elaborara ou ante o que fosen presentados anteriormente para que o Rexistro poida obter estes documentos ou contrastar os datos achegados por medios electrónicos. Excepcionalmente, se non poden obterse os documentos mencionados, pódese solicitar ao interesado que os achegue”.

Tres. O artigo 10 queda redactado do seguinte xeito:

“A solicitude deberá efectuarse conxuntamente polos dous membros da parella, sen prexuízo do previsto sobre representación no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro”.

Catro. A letra f) do apartado 1 do artigo 11 queda redactado do seguinte xeito:

“f) Fillos e fillas comúns.”

Cinco. O apartado 2 do artigo 11 queda redactado do seguinte xeito:

- 2. As solicitudes de inscrición, debidamente asinadas polos dous membros da parella, deberán acompañarse dos seguintes documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos establecidos pola Lei 2/2006, do 14 de xuño:



- a. *Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade de ambos membros da parella ou, no caso de nacionalidade distinta á española, do documento equivalente no seu país.*
- b. *Acreditación da veciñanza civil galega dun dos membros da parella, segundo o caso, mediante:*
 - i. *Certificación literal de nacemento onde conste a adquisición da nacionalidade española e a opción pola vecindade civil galega.*
 - ii. *Certificación literal de nacemento dos ascendentes, cando se fundamente a vecindade civil galega neles.*
 - iii. *Certificado de empadramento histórico de cada membro da parella correspondente á súa situación:*
 - *Certificación acreditativa da residencia continua en Galicia durante un mínimo de dez anos.*
 - *Certificación acreditativa da residencia continua en Galicia nos últimos dous anos, acompañada da certificación literal de nacemento onde conste a adquisición da vecindade civil galega por ese motivo.*
- c. *Certificación literal completa de nacemento ou certificación literal de matrimonio, segundo os casos, para acreditar a emancipación, a nulidade, o divorcio ou a separación legal dos convivintes en parella estable, ou sentenza xudicial firme de divorcio ou nulidade.*
- d. *Copia compulsada do libro de familia ou equivalente, no caso de fillos comúns ou certificación literal de nacemento dos mesmos.*
- e. *Escritura pública do pacto regulador de las relacións económicas e patrimoniais da parella, de ser o caso.»*

Seis. O artigo 17 queda redactado do seguinte xeito:

“A tramitación das solicitudes presentadas ante o Rexistro de Parellas de feito rexerese polas determinacións contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro”.



Sete. O apartado 1 do artigo 19 queda redactado do seguinte xeito:

"1. O delegado provincial da consellería competente en materia de xustiza resolverá de forma expresa acordando practicar ou denegar a inscrición solicitada no prazo de tres meses a contar desde a data na que a solicitude tivese entrada no devandito centro, sen prexuízo das interrupcións de prazo consideradas nos artigos 22 e 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro."

Oito. O apartado 3 do artigo 19 queda redactado do seguinte xeito:

"As resolucións serán notificadas á parella solicitante na forma establecida nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro."

Nove.- O parágrafo 8 do apartado 2 do artigo 21 queda redactado do seguinte xeito:

"- Os fillos e fillas comúns."

Dez. O artigo 24 queda redactado do seguinte xeito:

"O rexistro poderá rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados e interesadas, os erros materiais existentes nos seus actos, de conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro".

Once. O apartado 1 do artigo 26 queda redactado do seguinte xeito:

"A consulta directa dos expedientes arquivados no rexistro soamente poderá efectuarse, ademais de por os propios membros da parella, por terceiros que acrediten un interese lexítimo nos termos previstos no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro así como polos órganos xudiciais".

Disposición derogatoria. Derrogación normativa.

Quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto neste decreto.



XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes